



Luis Antonio Pérez Barral, concelleiro do grupo **Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presenta a seguinte proposición para que sexa tratada no vindeiro pleno en relación ás **deficiencias do Mercado provisional de Ribeira**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Por mor das obras de construción do novo mercado municipal de Ribeira, as praceiras e os praceiros tiveron que se trasladar a unha carpa provisional, habilitada polo Concello de Ribeira. Parece lóxico que aínda que estean alí de maneira provisional, dispoñan de tódolos servizos e dunhas condicións laborais óptimas, tanto para as persoas que alí traballan como para os produtos e a clientela.

Así pois o Bloque Nacionalista Galego tivo constancia de que houbo días de calor que ocasionaron malestar no interior do mercado debido ás altas temperaturas que se rexistraron no mesmo. Isto non só supuxo unha incomodidade para os e as traballadoras, senón que tamén houbo risco de que o peixe, froita e os produtos perecedoiros que alí hai, se estragaran.

Consideramos que este emprazamento provisorio non debe ser desculpa para descoidar a calidade do servizo e da instalación e vemos necesario que o sistema de refrixeración se manteña en funcionamento o tempo que sexa necesario e que se incremente no caso de ser insuficiente o sistema actual.

Por todas estas razóns o Bloque Nacionalista Galego somete a consideración do Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Que o Goberno Municipal teña en consideración as demandas que se poidan producir por parte dos e das praceiras.**
- 2. Que o Goberno Municipal non descoide a calidade do servizo e da instalación temporal do Mercado Municipal.**
- 3. No caso de que fose insuficiente o sistema actual de refrixeración adoptar medidas adicionais.**

Ribeira, de xuño do 2012

Asdo: Luis Antonio Pérez Barral